

MAIO 2025

VIRADA TEAL 2025-2027

UN ITINERARIO
CON REFERENCIA TEAL
PARA A EVOLUCIÓN
DA CULTURA ORGANIZATIVA
NA ECONOMÍA SOCIAL.

ESTE PROXECTO CONTA CO RESPALDO DA CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL ESPAÑOLA DA ECONOMÍA SOCIAL (CEPES) E FORMA PARTE DO PROGRAMA EFESO, FINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS (FSE+).



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



Fondos Europeos



VEÑA
ESES
30



ACOMPAÑANDO
AS QUE
MELLORAN
O MUNDO

02

FINALIDADE

O obxectivo de CEPES é promover o fortalecemento das entidades de economía social mediante itinerarios de mellora e transformación organizacional, aliñados con políticas de emprego e desenvolvemento sostible.

OBXECTIVO

VIRADA Teal pretende facilitar procesos de evolución en entidades de Economía Social cara a modelos, prácticas e referentes onde as persoas atopen maior benestar, sintonicen e participen libre e plenamente do propósito da organización, e desenvolvan mecanismos efectivos para organizarse dunha maneira máis horizontal.

- O activo máis importante que teñen as organizacións de Economía Social son as persoas, o seu propósito e a súa capacidade de organizarse.
- Unha entidade robusta, fortalecida, é aquela que alcanza os seus resultados esperados no balance económico, social e medio ambiental.

ORGANIZACIÓNS DESTINATARIAS

Entidades de economía social que desexen impulsar un proceso de cambio.



03

BENEFICIOS

Participar en VIRADA Teal achega uns beneficios deseñados para fortalecer a capacidade organizativa e a mellora do impacto social e económico:

FORMACIÓN ESPECIALIZADA



Acceso a itinerarios formativos acreditados polo SEPE, que inclúen os programas de Axente de Cambio TEAL e Liderado para a Transformación Cultural.

ASISTENCIA TÉCNICA



Acompañamento integral na elaboración e implementación dun plan personalizado de transformación organizacional.

REDES DE COLABORACIÓN



Participación nunha comunidade de aprendizaxe que fomenta o intercambio de boas prácticas e a creación de alianzas estratéxicas.

04

QUE É O PARADIGMA TEAL?

O paradigma TEAL é un modelo evolutivo de organización que impulsa un enfoque baseado na autoxestión, a plenitude e a evolución continua. Este concepto, desenvolto por Frederic Laloux na súa obra '**Reinventar as organizacións**', propón unha maneira de xestionar as organizacións que promove un liderado distribuído e unha colaboración activa en todos os niveis da entidade.

PRINCIPIOS DO PARADIGMA TEAL

1

Propósito evolutivo



Adaptación constante da organización ás necesidades da contorna, definindo un propósito compartido que guíe as decisións e accións.

2

Autoxestión



Equipos que xestionan o seu propio traballo con responsabilidade e autonomía.

3

Plenitude



Creación dunha contorna laboral que fomenta a expresión xenuína das persoas, integrando a parte emocional, racional e creativa nas súas actividades diarias.

05

A TRANSFORMACIÓN CULTURAL

A transición cara a un modelo organizacional TEAL require un proceso de transformación cultural progresivo que involucra a todas as persoas da entidade.

Este proceso inclúe:

DIAGNÓSTICO INICIAL



Avaliación do sistema de valores e o modelo de gobernanza para identificar as áreas crave de mellora.

FORMACIÓN E ACOMPAÑAMENTO



Implementación de itinerarios formativos dirixidos a fortalecer as competencias como axentes de cambio e líderes que fomentan cultura de autoxestión e colaboración.

O tempo dedicado á formación será recoñecido coa correspondente acreditación formativa do SEPE.

ITINERARIOS

- O prazo de inscrición remata o luns, **22 de setembro de 2025**.
- **De outubro a decembro de 2025**, as entidades participantes recibirán unha formación básica (Formación básica: Axente de cambio TEAL) e construírán un diagnóstico sobre a súa evolución organizativa baixo o referente TEAL (Informe de situación para unha transformación con referente TEAL).
A diagnose conterá unha descrición de diferentes alternativas de traballo para desenvolver unha transformación con referente TEAL.
- **Ao final de 2025**, cada entidade participante decidirá se continua no itinerario e acordará que alternativa de evolución despregará para avanzar na súa transformación cultural.
- **Xa no 2026**, deseñárase un Plan de transformación baixo un referente TEAL, que se despregará na entidade coa facilitación das persoas consultoras e coachs do equipo VIRADA Teal.
Ademais, as persoas involucradas de cada entidade, continuarían coa súa capacitación cunha formación avanzada: Liderado para a transformación cultural.
- Xa dende o comezo do programa, promoveríase unha Rede de colaboración entre as entidades participantes en Galicia e noutras comunidades do Estado (Euskadi, Aragón, Cataluña, Extremadura, Madrid e Andalucía).



07

INVESTIMENTO

O itinerario xeral do Programa cómpre acomodalo ás necesidades, posibilidades e momentos de cada entidade participante, polo que ALGALIA, coas entidades que amosen interese en participar en VIRADA Teal, establecerá unha conversa para concretar o seu itinerario particular, compromisos e inversións económicas a realizar.

VIRADA Teal está financiado polo programa EFESO e apoiado por CEPES. Os fondos europeos cobren o 60% do investimento.

A achega das organizacións participantes pode ser financiada a través dos créditos dispoñibles de cada organización na FUNDAE.

Para establecer dunha forma precisa a inversión que cada entidade participante debería achegar, cómpre elaborar un orzamento a medida.

Falamos?



CONTACTO

ALGALIA

algalia@algalia.com
986 37 95 87

David Pereiro

david.pereiro@algalia.com
687 87 94 14

Celso Gándara

celso.gandara@algalia.com
687 87 94 12

Miguel Barbosa

miguel.barbosa@algalia.com
637 48 24 84

En VIRADA Teal, ALGALIA traballa en rede coas seguintes entidades:



[ACCEDE Á WEB DA FUNDACIÓN EDE](#)



[ACCEDE Á WEB DE MONDRAGON UNIBERTSITATEA](#)



[ACCEDE Á WEB DE CAIS, CONSORCIO ANDALUZ DE IMPULSO SOCIAL](#)



[ACCEDE Á WEB DE FUNDACIÓN MAIMONA](#)



[ACCEDE Á WEB DE KULTIBA](#)



[ACCEDE Á WEB DE CHANGE NAVIGATORS](#)